



Andrés Peireira

Xerente
Transportes Atlas



// Sector
Transporte



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
1980



// Nº empregados
12

// Descrición da empresa

Transportes Atlas é unha empresa familiar dedicada ao transporte de mercadorías por estrada no ámbito rexional, nacional e internacional, así como ao almacenamento e á xestión de stocks da súa clientela. Dende a súa fundación, en 1960, asumiron o mando tres xeracións (avó, fillos e netos), o que a converte nunha das poucas pemes familiares da nosa comunidade. Actualmente, encóntranse situados en Vigo e na zona de Barbanza.

"Ser o mellor no teu sector non é suficiente, sempre poderás superarte a ti mesmo. Iso é no que nos axudou Re-acciona"

Andrés Peireira. Xerente de Transportes Atlas

// Descrición do proxecto

Esta peme solicitou o servizo de plan de futuro empresarial porque buscaba enfocar un cambio xeracional na dirección, polo que era indispensable dispoñer dunha organización eficaz e eficiente á hora de administrar os seus recursos da empresa.

O servizo desenvolveuse a través de reunións periódicas, desenvolvidas nas súas propias instalacións e nas que participou o propio persoal.

Nun primeiro momento, analizaron todos e cada un dos puntos da empresa, para acabar centrándose nos que eran críticos e así enfrontalos mediante o desenvolvemento de accións concretas. Deste xeito, executaron actuacións correctivas que levaron á obtención de resultados máis satisfactorios en canto a eficiencia e satisfacción da súa clientela, así como do seu propio equipo e, por suposto, que reverteron na rendibilidade do negocio.





// O resultado

Grazas ao servizo de plan de futuro empresarial, agora Transportes Atlas conta con novas ferramentas que foron deseñando segundo as súas necesidades e que supuxeron, de forma directa, un reforzo do seu departamento comercial.

Ademais, aprenderon a detectar carencias e a recoñecer fortalezas, o que provocou que se desen conta de que son máis polivalentes do que crían e que poden ampliar o seu mercado, sempre que a xestión dos medios estea ben planificada.

*"Este servizo supuxo para
Transportes Atlas a
oportunidade de adaptarse a
novos tempos, nunha
empresa que compite nun
sector ancorado ao pasado"*

Andrés Peireira.
Xerente de Transportes Atlas.



// Web

<https://www.transportesatlas.com>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.